

Reunión ordinaria 27 de xaneiro 2026

Data: 27 xaneiro 2026

Hora: 16.30h

Lugar: Telemática (BigBlueButton)

Reúnense os membros do departamento en ausencia de Xulia Gutiérrez Gutiérrez e Carmen Antolín Pichel para decidir os seguintes aspectos do curso:

1. Tómase unha decisión con respecto ó organismo que se encargará da acreditación da competencia lingüística en linguas estranxeiras no curso 2025-26. Coméntanse aspectos coma a cantidade económica, o perfil de alumnado que se beneficiaría, así coma os beneficios e contras dos distintos organismos. Por maioría e unha abstención decídese que o organismo elixido será a Escola Oficial de Idiomas.
2. Trátanse ademais os aspectos do plan PLEA (contexto, ámbito lingüístico, ámbito socioeconómico e familiar, recursos socioculturais e contexto educativo) que elaboramos entre os distintos membros do departamento segundo as instrucións recibidas na CCP do pasado mes de decembro e con prazo finais de xaneiro.

Informouse de que se enviará un correo á persoa responsable para que comente se o documento ten é válido ou necesita modificacións. En canto se teña resposta, informarase os membros do departamento.

3. Lémbrense ademais de que é necesario facer o seguimento de PROENS.
4. Coméntase que a actividade do teatro prevista para o día 4 de marzo foi anulada pola empresa encargada. A administración do centro xa reclamou os cartos á empresa e os alumnos e alumnas afectados serán convocados a unha reunión para devolverlles os cartos.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 17.15 h.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



I.E.S. RICARDO MELLA

Estrada Vella Madrid 177 – 36214 Vigo. Pontevedra.

Teléfono: 886121100 – Fax: 886121026

Web: <http://edu.xunta.es/centros/iesricardomella>

Correo Electrónico: ies.ricardo.mella@edu.xunta.es



Departamento de

Inglés

galicia

A xefa de departamento,

Alicia Sánchez González

Emilio Pérez Lorenzo

Alejandro García Rodríguez

Ana Isabel González Vieites

Xulia Gutiérrez Rodríguez

Carmen Antolín Pichel

Amelia Piñeiro Santorum